

TEMA 1. O PLANETA TERRA

A Terra é un planeta

A Terra pertence ao **sistema solar**, un sistema planetario formado por unha estrela (o Sol), oito planeas, satélites e outros astros.

A **Lúa** é o único satélite da Terra.

A Terra é ata hoxe o único planeta coñecido en que existe vida debido a tres factores: **a distancia ao Sol**, que permite que a temperatura da superficie sexa moderada; **a atmosfera**, unha capa que mantén as temperaturas axeitadas para a vida no planeta, e **a auga**, que é necesaria para a vida de todos os organismos.

As capas da Terra

A Terra está formada por catro capas:

- A **atmosfera** é a capa de gases que envolve o planeta
- A **hidrosfera** está formada polas augas do planeta: océanos, mares, ríos, lagos, glaciares, casquetes polares...
- A **xeosfera** é a parte sólida da Terra e esténdese desde a superficie terrestre ata o centro do planeta.
- A **biosfera** é o espazo en que se desenvolve a vida.

A estrutura interna da Terra

A **xeosfera** presenta unha estrutura en capas concéntricas:

- A **codia** é a capa externa e máis fina da xeosfera. Divídese en codia continental e codia oceánica.
- O **manto** sitúase baixo a codia.
- O **núcleo** abrangue ata o centro da Terra. Divídese en núcleo externo (líquido) e núcleo interno (sólido).

Os movementos da Terra

- **Movemento de rotación.** A Terra **xira sobre o seu propio eixe** e **tarda 24 horas** en dar unha volta. Cando os raios do Sol iluminan unha zona, a oposta permanece na escuridade, o que produce a sucesión do día e da noite cada 24 horas.
- **Movemento de translación.** A Terra **desprázase arredor do Sol** describindo unha órbita elíptica. Tarda **365 días e case 6 horas** en completar unha volta ao Sol.

As estacións do ano

A terra está inclinada, polo que a incidencia dos raios solares sobre cada hemisferio, cambia durante o ano e orixina as **estacións**. No verán, un hemisferio recibe a luz do Sol de forma máis directa; mentres, no outro hemisferio é inverno. Durante a primavera e o outono, os raios solares inciden con similar inclinación en ambos os hemisferios. Os **solsticios** e os **equinoccios** marcan o paso entre estacións.

TEMA 2. O RELEVO TERRESTRE.

As formas do relevo

Formas do relevo continental

- **Montañas:** son terreos elevados cunha forte pendente. Agrúpanse en **serras**, **sistemas** ou **cordilleiras**. Entre as montañas hai **vales**, que adoitan estar percorridos por ríos.
- **Chairas:** son terreos panos de pouca altitude.
- **Mesetas ou altiplanos:** son chairas elevadas.
- **Depresións:** son terreos situados a menor altitude ca as terras que os rodean, mesmo por baixo do nivel do mar.

Formas do relevo costeiro

- **Península:** é unha porción de terra rodeada de auga por todas as partes menos por unha, chamada **istmo**.
- **Illa:** é unha porción de terra rodeada de auga. Un conxunto de illas próximas forma un **arquipélago**.
- **Cabo:** é unha parte da costa que entra no mar.
- **Golfo:** é unha entrada de mar na terra. Se é pequeno chámase **baía**, cala ou enseada.

Formas do relevo submarino

- **Plataforma continental:** é unha zona somerxida e lixeiramente inclinada que descende ata uns 200 metros de profundidade. Remata nun **noiro continental**, que é unha forte pendente.
- **Chaira abisal:** esténdese entre os 3000 e os 7000 metros de profundidade. Constitúe o fondo mariño e adoita estar percorrida por dorsais oceánicas, que son grandes cordilleiras somerxidas.
- **Foxas mariñas:** son profundas e extensas fendas que se abren na chaira abisal.

A formación do relevo

Segundo a **teoría da tectónica de placas**, a codia terrestre está formada por placas tectónicas en constante movemento.

No seu desprazamento, as placas sepáranse, xúntanse ou chocan entre elas. Cando chocan prodúcense:

- **Pregamentos e fallas.** Son deformacións da codia terrestre. Se os materiais son brandos, esta ondúlase e forma dobramentos; se, pola contra, son ríxidos, fende e forma fallas.
- **Volcáns:** Son fendas na codia terrestre polas que ascende o magma e se expulsan materiais sólidos (cinsa), líquidos (lava) e gasosos. Xeralmente, localízanse nas zonas de contacto das placas tectónicas.
- **Terremotos ou sismos:** son tremores bruscos da codia terrestre provocados polo choque das placas, polos movementos das fallas ou polas erupcións volcánicas.

A modificación do relevo

O relevo da codia terrestre cambia pola acción de axentes externos, como:

- Auga
- Vento
- Temperatura
- Seres vivos

Estes cambios prodúcense mediante tres procesos:

- **Erosión.** É o proceso polo que as rochas se desgastan, se fragmentan ou se disolven debido á acción dos axentes externos.
- **Transporte.** É o arrastre dos materiais arrincados pola erosión
- **Sedimentación.** É o depósito dos materiais erosionados e transportados.